



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A CRUZ ROJA ESPAÑOLA - CAMBRE

Na Casa Consistorial do Concello de Cambre, a 19 de maio de 2022,

REUNIDOS

Dunha parte, **don Óscar García Patiño**, alcalde do **CONCELLO DE CAMBRE**, na representación legal que deste lle confire o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, **dona Mercedes Aymerich Rodríguez**, delegada local da **CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN CAMBRE**, na representación que ostenta dentro da Cruz Roja Española con CIF Q2866001G e enderezo fiscal na avenida Reina Victoria nº 26 co CP 28003 Madrid.

Ante min, secretario accidental deste Concello, en cumprimento da Resolución de Alcaldía num. 758/2022 de data 2 de maio de 2022, tendo en conta o establecido no artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 1255 do Código Civil, formalizan o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

1. O Excmo. Concello de Cambre ten competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social segundo dispón o art. 25.2 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Ademais, segundo establece o art. 25.1 da mesma norma, os concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas. Pola súa parte, os artigos 60 e 64 bis da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establecen a competencia municipal na materia.
2. O Concello de Cambre, dentro das medidas que se adoptaron co inicio da crise económica para paliar os seus efectos entre as persoas e familias en situación de extrema vulnerabilidade e que se continúan co impacto recibido pola pandemia, acordou crear a Despensa Municipal de Alimentos onde centralizar o reparto de alimentos procedentes de doazóns públicas e privadas.
3. A Despensa Municipal de Alimentos xestionouse ata o de agora como un proxecto municipal de acción voluntaria. Dado que o Concello de Cambre xa non xestiona directamente a acción voluntaria, senón que a fomenta, coordina e financia no ámbito municipal, decidiu buscar outras fórmulas para o reparto de alimentos.
4. Que a Cruz Roja Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas.
5. Que entre as finalidades estatutarias da Cruz Roja Española figura a promoción e colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou persoas con dificultades para a súa integración social, a prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias, a cooperación en programas



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

de prevención sanitaria en accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercicio doutra función social e humanitaria compatible co espírito da institución. Todo isto baixo os principios de Humanidade, Imparcialidade, Neutralidade, Independencia, Voluntariado, Unidade e Universalidade.

6. Que ao amparo do Real Decreto 415/96, de 1 de marzo e a súa modificación por Real Decreto 2219/1996, de 11 de outubro, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Roja Española, e dos Estatutos da mesma, publicados por Orden do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 4 de setembro de 1997, modificados na VI Asemblea Xeral o 25 de marzo de 2007, Orden TAS/2800/2007 de 21 de setembro do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e en cumprimento da R (85) 9, de 21 de xuño, do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre o traballo de voluntarios en actividades sociais, a Cruz Roja Española é unha entidade idónea para contribuír ao desenvolvemento da política social do Concello de Cambre.
7. A Entidade Cruz Roja Española da Coruña, desenvolve no ámbito territorial de Cambre distintos programas de acción social que foron reforzados no seu momento para dar respostas ás demandas xurdidas co inicio da crise económica. Entre a antedita asociación e o departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre existe coordinación para o desenvolvemento dos mesmos, baseada por un lado, en evitar a duplicidade nas accións desenvolvidas e por outro, en lograr unha maior eficacia e rendibilidade dos recursos, que reverta nos cidadáns e nas cidadás.
8. O presente Convenio pretende a creación dun programa de reparto de alimentos, que substitúa a Despensa Municipal de Alimentos, coa creación conxunta dun programa de reparto de alimentos non perecedoiros que permita cubrir de maneira inmediata o reparto de alimentos entre as familias en situación de vulnerabilidade social.
9. O Concello de Cambre carece de persoal, medios e infraestrutura suficientes para xestionar o reparto de alimentos. Dentro da súa política de apoio a entidades de iniciativa social do terceiro sector, estima de interese xeral apoiar as accións de iniciativa social que a Cruz Roja realiza no termo municipal de Cambre.
10. A entidade declara neste acto, atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fiscais que se derivan da súa actividade.
11. No orzamento municipal aprobado para o ano 2022 figura consignada unha subvención nominativa na aplicación orzamentaria 2022 231 48903 "Cruz Roja".

Sobre a base do exposto, a concelleira delegada de Benestar Social considera necesario a formalización dun convenio de colaboración, que estableza os compromisos e as obrigas das partes asinantes, relativos ao programa de reforzo de alimentos a desenvolver.

En uso da súa capacidade, ambas partes acordan subscribir un convenio de colaboración conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- COMPROMISOS DA CRUZ ROJA ESPAÑOLA.



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

1.- A asociación adquire os seguintes compromisos relativos Xestión de Reparto de Alimentos, sempre que así o permitan as condicións sociosanitarias e se adopten as medidas de protección individual e colectiva dictadas en cada momento polas autoridades competentes,

- a) Realizará a entrega dos alimentos, ás persoas usuarias derivadas polo Concello de Cambre.
- b) Realizará o deseño dos lotes de alimentos en función da unidade familiar.
- c) Citará a todas as familias para entregar os lotes.
- d) Preparará todos os recibín para a entrega dos alimentos ás persoas usuarias.
- e) Xestionará ao voluntariado necesario para a entrega dos alimentos ás persoas usuarias.
- f) Preparará os lotes e paquetes de alimentos a entregar.
- g) A Cruz Roja recollerá doazóns unicamente de produtos NON PERECEDOIROS. En ningún momento recollerá, nin xestionará produtos PERECEDOIROS.
- h) Estas doazóns iranse entregando ás persoas usuarias baixo demanda de urxencias de alimentos.
- i) Todas as doazóns serán filtradas pola Cruz Roja antes da súa recepción, valorando datas de caducidade e necesidade das mesmas.

2.- Contará co persoal necesario para o cumprimento de todos os compromisos sinalados neste convenio. Este persoal non terá vinculación laboral ou profesional ningunha co Concello de Cambre.

3.- Destinará os fondos económicos recibidos do Concello a financiar os gastos correntes do programa de reparto de alimentos, así como calquera concepto de gasto relacionado coa adopción de medidas de protección e prevención individual e colectiva do persoal ou voluntarios encargados dos traballos realizados con cargo a este convenio.

Para o seu adecuado seguimento deberá levarse contabilidade separada dos gastos obxecto do presente convenio, e conservará os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

4.- Someterase ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do emprego dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE.

Este Concello comprométese a:

1. Cesión de local e outros. O Concello de Cambre cederá á Cruz Roja para o reparto de alimentos un local de 60,5 metros cadrados situado na planta baixa do inmovible nº 24 da praza Amador e Daniel da urbanización A Barcala.
2. O Concello de Cambre facilitará á Cruz Roja os seguintes materiais necesarios para o local de reparto: unha mesa, unha cadeira, un ordenador, unha impresora, conexión a internet.
3. O transporte dos alimentos será realizado polo Concello de Cambre.



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

4. O departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre enviará á Cruz Roja a listaxe de persoas usuarias ás que hai que entregarlles os alimentos e o informe social de cada unha delas, si pode ser de xeito dixital.
5. O Concello de Cambre informará a todos os doantes de alimentos do cambio do sistema de recepción de doazóns indicando as novas condicións e derivándoos á Cruz Roja.
6. Financiar os gastos correntes da Despensa de Alimentos, cunha achega de catro mil euros (4.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2022 231 48903 "Cruz Roja".
7. A achega municipal farase efectiva logo da presentación da documentación xustificativa prevista no apartado 3 e 4 da cláusula terceira do presente convenio, a proposta do órgano xestor trala valoración positiva do cumprimento do obxecto do convenio.

Presentada a documentación acreditativa do cumprimento do obxecto do convenio pola entidade, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade da subvención. A Área de Benestar Social elevará á alcaldía, tras a súa fiscalización pola Intervención municipal, proposta de aprobación da achega para o seu abono, e unha vez aprobada mediante resolución a xustificación presentada pola entidade, aboarase mediante transferencia bancaria.

De non xustificar adecuadamente a totalidade da achega, o concello procederá a realizar a contribución de forma proporcional á cantidade xustificada.

De non ser posible o recoñecemento da obriga a prol da entidade no exercicio 2022, a achega municipal quedará condicionada á existencia de crédito no orzamento xeral do exercicio 2023.

A suma das cantidades percibidas ou comprometidas por parte doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade non poderá ser superior ao custo das actividades obxecto do convenio. Neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal.

TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN.

1. A xustificación da execución do programa de reparto de alimentos efectuarase por parte da Entidade Cruz Roja Española da Coruña con data límite do 15 de decembro de 2022.
2. Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente N° CC - da que é titular a Entidade Cruz Roja Española da Coruña, non asumindo o Concello de Cambre os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.
3. A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007.
4. O beneficiario presentará os documentos acreditativos da realización dos compromisos do convenio e da aplicación dos fondos recibidos seguintes:
 - a) Informe relativo ao cumprimento do obxecto do convenio e comprensivo da xustificación técnica que incluírá:



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente da Entidade Cruz Roja Española da Coruña.

b) Certificado de ingresos, asinado polo/a presidente/a e o secretario/a da entidade no que se detallan as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas e/ou pagadas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, certificado de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá detallarse no certificado o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

c) Certificado asinado polo/a presidente/a e o secretario/a da entidade da relación clasificada dos gastos efectuados no exercicio 2022, con identificación do emisor (razón social e CIF/NIF) e documento (tipo de documento e número), data de emisión, concepto detallado do gasto, importe líquido e bruto, importe imputable, e a data e forma de pago dos mesmos.

d) Facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior, por importe mínimo de 4.000,00 euros.

Os gastos de persoal deberán de xustificarse necesariamente mediante nómina dos/as traballadores/as.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. En cumprimento co artigo 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nela debe figurar «Gasto financiado polo CONCELLO DE CAMBRE convenio 2022» e a porcentaxe de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

A entidade deberá contar cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade obxecto de financiamento no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona. Non se consideran gastos subvencionables os importes aboados ao concello de Cambre en concepto de tributos ou demais ingresos de dereito público.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á minoración da subvención concedida.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do programa subvencionado.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.

A entidade destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

En caso contrario, entenderase que a finalidade básica non se cumpriu, polo que non se aboará ningunha cantidade sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

e) Acreditación gráfica da publicidade dada á subvención municipal.

f) No caso de que as actividades obxecto do convenio implican o contacto habitual con menores, a entidade deberá comprobar que as persoas ou persoal ao seu cargo non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil), presentando Declaración do/a presidente/a da entidade do cumprimento de dita obriga.

5. Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Servizos sociais requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións, incluída a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido, mais os xuros de mora que correspondan.



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

6. O beneficiario acreditará ante este Concello o destino dos fondos recibidos no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao pagamento da achega da subvención, mediante a presentación de:

6.1. Certificado asinado polo/a presidente/a e tesoureiro/a da entidade que conteña a relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do documento e acredor, concepto, importe, data de emisión, así como a data de pago e medio de pago.

Os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira. Deberá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos.

O certificado deberá acreditar o pago de facturas e xustificantes de gastos, por un importe mínimo do orzamento que se ha de xustificar, e debe referirse a facturas e xustificantes de gasto válidos contidos na conta xustificativa presentada.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos que esixan o pagamento a través de entidade financeira, o certificado deberá acreditar o pago de facturas cando menos, da suma das cantidades percibidas. Para a comprobación desta condición deberá achegar as bases da convocatoria ou o convenio asinado.

6.2. Achegará os xustificantes bancarios dos pagos realizados.

6.3. Acreditación da data de ingreso da subvención municipal

A falta de acreditación no prazo establecido ou en forma non adecuada segundo o disposto no presente convenio, conllevará que o dito gasto se considere como non válido para os efectos de xustificación da subvención e dará lugar a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

CUARTA: REINTEGRO DE FONDOS.

Establécese a obriga por parte da Cruz Roja Española, de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e xustificación da achega municipal e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, de 13 de xuño.

QUINTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio de colaboración subscríbese cun período de vixencia dun ano, que comprenderá desde o 01 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022.

SEXTA: OUTRAS DISPOSICIÓNS.

Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no título V das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2022, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

SÉTIMA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS.

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade co contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose a levar a cabo cantas obrigas se deriven ata o seu total cumprimento e finalización.

OCTAVA: EIDO DA APLICACIÓN.

O presente convenio queda fora do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación dos principios da lexislación contractual para resolver dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo art. 4 da Lei.

NOVENA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que así conste para todos os efectos que legalmente procedan, e unha vez lido integramente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifícanse no exposto, asinando por triplicado o exemplar e para un único efecto ante min, secretaria, do que dou fe.

O alcalde

A delegada

Óscar García Patiño

Mercedes Aymerich Rodríguez

Ante min,
O secretario accidental

Fernando Garrido Negreira